

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
DATA: 15_05_2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

ÍNDICE.....	1
1. Área de Matemáticas: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	2
2. Área de Lingua Castelá: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	4
3. Área de Lingua Galega: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	7
4. Área de Ciencias Sociais: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	10
5. Área de Ciencias Naturais: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	12
6. Área de Educación Plástica: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	14
7. Área de Valores Cívicos e Sociais: Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	15
8. Avaliación e cualificación	18
9. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	19

1. ÁREA DE MATEMÁTICAS: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	C.C.
MT-B1.1	1º-MTB1.1.1 - Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	** Explica oralmente a operación necesaria para resolver un problema.	X	X	CMCT CCL
MT-B1.2	1º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	** Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo limpo e claro.	X	X	CMCT CAA
MT-B1.3	1º-MTB1.3.1 - Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.		X	CMCTCD CAA
MT-B2.1	1º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 99.	** Le, escribe e ordena números ata o 99.	X	X	CMCT CCL
MT-B2.1	1º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	Identifica o valor de posición das cifras: unidades e decenas.	X	X	CMCT CCL
MT-B2.2	1º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos reais.	Utiliza os números ordinais do 1º ao 10º en contextos reais.	X		CMCT
MT-B2.2	1º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99	** Interpreta en textos da vida cotiá números naturais ata o 99.	X	X	CMCT CCL CAA
MT-B2.2	1º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras, ata o 99.	X	X	CMCT
MT-B2.2	1º-MTB2.2.4 - Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	Ordena números enteiros ata o 99 e represéntaos na recta numérica.	X	X	CMCT
MT-B2.3	1º-MTB2.3.1 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.	** Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma.	X	X	CMCT
MT-B2.3	1º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.	** Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas).	X	X	CMCT
MT-B2.3	1º-MTB2.3.3 - Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.	Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos: dedos, debuxos, obxectos variados.	X	X	CMCT

MT-B2.4	1º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	**Resolve problemas sinxelos que impliquen o dominio dos contidos traballados.		X	CMCT CAA
MT-B2.4	1º-MTB2.4.2 - Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Iníciase na reflexión sobre a resolución de problemas.	X	X	CMCT CAACSIEE
MT-B3.1	1º-MTB3.1.1 - Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.		X	CMCT
MT-B3.2	1º-MTB3.2.1 - Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.		X	CMCT
MT-B3.3	1º-MTB3.3.1 - Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.	Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.		X	CMCT
MT-B3.4	1º-MTB3.4.1 - Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.	Sabe interpretar o calendario: día, semana, mes.		X	CMCT
MT-B3.6	1º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida	** Resolve problemas sinxelos de medida		X	CMCT CAA
MT-B3.6	1º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas.		X	CMCT CAACSIEE
MT-B4.1	1º-MTB4.1.1 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	** Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	X		CMCT CAA CCL
MT-B4.1	1º-MTB4.1.2 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	** Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado	X		CMCT CAA CCL
MT-B4.2	1º-MTB4.2.1 - Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	** Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	X	X	CMCT CAA
MT-B4.3	1º-MTB4.3.1 - Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	Resolve de xeito visual, problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.	X	X	CMCT CAA
MT-B4.3	1º-MTB4.3.2 - Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Iníciase na reflexión sobre a resolución de problemas.	X	X	CMCT CAACSIEE

2. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ: ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Critério de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	C.C.
LC-B1.1	1º-LCB.1.1.1 - Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	** Expresa de forma global , vivencias e emocións propias.	X	X	CCL CAA CSC
LC-B1.1	1º-LCB.1.1.2 - Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	** Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabra.	X	X	CCL CAA CSC
LC-B1.2	1º-LCB.1.2.1 - Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais.	X	X	CCL CSC
LC-B1.3	1º-LCB.1.3.1 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	** Participa activamente en diversas situacións de comunicación: pequenos diálogos e exposicións orais moi guiadas, con axuda.	X	X	CCL CD CAA CSC CSIEE
LC-B1.4	1º-LCB.1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	** Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	X	X	CCL
LC-B1.5	1º-LCB.1.5.1 - Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	** Comprende o sentido global de textos orais sinxelos.	X	X	CCL CAA
LC-B1.6	1º-LCB.1.6.1 - Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisuais sobre temas do seu interese de forma guiada.	X	X	CCE CAA CCL
LC-B1.7	1º-LCB.1.7.1 - Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	X	X	CCL CAA CCEC
LC-B1.8	1º-LCB.1.8.1 - Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	Adecúa a entoación e o volume a pequenas representacións .	X	X	CCL
LC-B1.9	1º-LCB.1.9.1 - Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	** Narra situacións e experiencias persoais sinxelas de forma guiada.	X	X	CCLCCL CSIEE
LC-B1.9	1º-LCB.1.9.2 - Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba.	Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde.	X	X	CCL

LC-B1.9	1º-LCB.1.9.3 - Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite	** Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite.	X	X	CCL
LC-B1.10	1º-LCB.1.10.1 - Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. Peso: 2.08%	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	X	X	CCL CSC
LC-B1.11	1º-LCB.1.11.1 - Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	X	X	CCL CAA CSC CSIEE
LC-B2.1	1º-LCB.2.1.1 - Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	** Le con pronunciación axeitada, pequenos textos adaptados á súa idade.	X	X	CCL
LC-B2.2	1º-LCB.2.2.1 - Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	** Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	X	X	CCL CAA
LC-B2.3	1º-LCB.2.3.1 - Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións	Recoñece a funcionalidade de carteis, anuncios, normas		X	CCL CAA
LC-B2.4	1º-LCB.2.4.1 - Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.	X	X	CCL
LC-B2.4	1º-LCB.2.4.2 - Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	X	X	CCL
LC-B2.5	1º-LCB.2.5.1 - Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	Identifica, con axuda, os textos da biblioteca máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	X	X	CCL CD CAA
LC-B2.6	1º-LCB.2.6.1 - Coida, conserva e organiza os seus libros.	Coida, conserva e organiza os seus libros.	X	X	CCL CSC
LC-B3.1	1º-LCB3.1.1 - Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafo motores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	** Relaciona os códigos oral e escrito, discriminando sons nas palabras.	X	X	CCL
LC-B3.1	1º-LCB3.1.2 - Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia	Identifica diferentes tipos de escrito.		X	CCL

LC-B3.2	1º-LCB3.2.1 - Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	Ilustra de xeito creativo os seus escritos.	X	X	CCL
LC-B3.3	1º-LCB3.3.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas	Escribe, con axuda textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social.		X	CCL CD CAA
LC-B3.3	1º-LCB3.3.2 - Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	Presenta os seus escritos con limpeza.	X	X	CCL CAA
LC-B4.1	1º-LCB4.1.1 - Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	Identifica sílabas e fonemas como elementos da palabra.	X	X	CCL
LC-B4.1	1º-LCB4.1.3 - Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	** Distingue o nome en pequenas oracións.		X	CCL
LC-B4.1	1º-LCB4.1.5 - Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	Utiliza os artigos nos textos orais e escritos.		X	CCL
LC-B4.1	1º-LCB4.1.6 - Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	Forma grupos nominais.		X	CCL
LC-B4.2	1º-LCB4.2.1 - Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	Relaciona sinónimos e antónimos básicos		X	CCL
LC-B4.2	1º-LCB4.2.2 - Establece comparacións entre distintos elementos.	Establece comparacións entre distintos elementos.		X	CCL
LC-B4.2	1º-LCB4.2.4 - Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	Identifica palabras derivadas de outras moi sinxelas.		X	CCL
LC-B4.3	1º-LCB4.3.1 - Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	** Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel.		X	CCL
LC-B5.1	1º-LCB5.1.1 - Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas	** Identifica textos sinxelos propios da literatura infantil: contos, poesías e adiviñas.	X	X	CCL CCEC
LC-B5.1	1º-LCB5.1.2 - Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	X	X	CCL CAA CCEC CSC

LC-B5.2	1º-LCB5.2.1 - Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	** Escoita atentamente textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	X	X	CCL CCEC
LC-B5.3	1º-LCB5.3.1 - Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	X	X	CCL CAA
LC-B5.5	1º-LCB5.5.1 - Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	X	X	CCL CSC CCEC

3. ÁREA DE LINGUA GALEGA: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	C.C.
			1	2	
LG-B1.1	1º-LGB1.1.1 - Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	** Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos.	X	X	CCL CAA
LG-B1.2	1º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	X	X	CCL CD CAA CSC
LG-B1.3	1º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	** Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	X	X	CCL CAA CSC CSEIEE
LG-B1.3	1º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	X	X	CCL CAA
LG-B1.3	1º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	** Elabora e produce textos orais breves e sinxelos.	X	X	CCL CSIEE CAA
LG-B1.3	1º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en pequeno grupo.	Participa no traballo en pequeno grupo.	X	X	CCL CSIEE CAA

LG-B1.4	1º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	X	X	CCL CSC
LG-B1.4	1º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	Respecta as opinións da persoa que fala en situacións comunicativas cotiás.	X	X	CCL CSC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	X	X	CCL CSC CAA
LG-B1.5	1º-LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	X	X	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.3 - Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.**	X	X	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.4 - Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	X	X	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.5 - Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	X	X	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	1º-LGB1.5.6 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	** Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	X	X	CCL CSC CCEC CAA
LG-B1.6	1º-LGB1.6.1 - Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	X	X	CCL CAA
LG-B1.7	1º-LGB1.7.1 - Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	X	X	CCL CAA CSIEE
LG-B1.8	1º-LGB1.8.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propio da lingua galega	Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propio da lingua galega.	X	X	CCL CAA CCEC CSIEE
LG-B1.9	1º-LGB1.9.1 - Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	X	X	CCL CSC
LG-B1.9	1º-LGB1.9.2 - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	X	X	CCL CSC
LG-B1.10	1º-LGB1.10.1 - Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	X	X	CCL CCEC

LG-B1.10	1º-LGB1.10.2 - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	X	X	CCL CCEC CSC
LG-B2.1	1º-LGB2.1.2 - Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	** Comprende informacións concretas en textos sinxelos.	X	X	CCL
LG-B2.1	1º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).	Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).	X	X	CCL CAA CSIEE
LG-B2.2	1º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	** Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	X	X	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
LG-B2.3	1º-LGB2.3.1 - Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.		X	CCL CAA
LG-B2.4	1º-LGB2.4.1 - Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	X	X	CCL CAA CSC
LG-B2.4	1º-LGB2.4.2 - Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de lelos.	Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de lelos.	X	X	CCL CAA CSC
LG-B2.5	1º-LGB2.5.1 - Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	X	X	CCL CAA CSC
LG-B2.6	1º-LGB2.6.1 - Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros.	X	X	CCL CAA CSC CCEC
LG-B2.7	1º-LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.		X	CCL
LG-B2.7	1º-LGB2.7.2 - Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	X	X	CCL CSC CAA CSIEE
LG-B3.1	1º-LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	** Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións e felicitacións.		X	CCL CSIEE CAA
LG-B3.5	1º-LGB3.5.1 - Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.		X	CCL CD CSIEE

LG-B3.6	1º-LGB3.6.1 - Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	Interésase pola presentación dos textos con limpeza.		X	CCL CD CAA
LG-B3.6	1º-LGB3.6.2 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.		X	CCL CSC
LG-B4.1	1º-LGB4.1.1 - Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	Sinala a denominación de contos e poesías sinxelas e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas		X	CCL CAA
LG-B4.1	1º-LGB4.1.2 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.		X	CCL CAA
LG-B4.3	1º-LGB4.3.1 - Recoñece a relación entre son e grafía.	Recoñece a relación entre son e grafía.	X	X	CCL CAA
LG-B4.3	1º-LGB4.3.2 - Separa as palabras que conforman un enunciado.	** Separa as palabras que conforman un enunciado breve.		X	CCL CAA
LG-B5.2	1º-LGB5.2.1 - Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	** Le, de forma guiada, textos en galego adecuados aos intereses infantís.		X	CCL CCEC CD
LG-B5.2	1º-LGB5.2.2 - Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.		X	CCL CCEC CD

4. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	C.C.
CS-B1.1	1º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	** Manifesta autonomía na execución de accións.	X	X	CSIEE CAA CSC CCL
CS-B1.2	1º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	** Participa en actividades individuais e de grupo.	X	X	CSC CAA
CS-B1.3	1º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	Elabora algúns mapas mentais sinxelos.	X	X	CAA

CS-B1.4	1º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.	** Identifica a terminoloxía traballada na aula propia da área.	X	X	CCL CMCT CSC
CS-B2.1	1º-CSB2.1.1 - Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	Recolle información sobre aspectos da súa contorna natural.	X	X	CMCT CD CAA
CS-B2.1	1º-CSB2.1.2 - Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima	** Describe oralmente os elementos básicos da súa contorna de forma guiada.	X	X	CMCT CCL
CS-B2.2	1º-CSB2.2.1 - Describe as características principais do aire e da auga.	** Describe algunha característica do aire e da auga.		X	CMCT CCL
CS-B2.3	1º-CSB2.3.1 - Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	Explica o uso responsable destes elementos na súa contorna.		X	CMCT CSC CCL
CS-B2.6	1º-CSB2.6.1 - Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	** Identifica a importancia que o Sol ten para a vida.		X	CMCT CCL
CS-B2.7	1º-CSB2.7.1 - Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	** Recoñece as partes do día: mañá, tarde e noite.		X	CMCT CAA
CS-B2.8	1º-CSB2.8.1 - Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	** Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a artificial.		X	CMCT CAA
CS-B2.9	1º-CSB2.9.1 - Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	Identifica algunha medida para a conservación da natureza.		X	CSC CMCT
CS-B3.1	1º-CSB3.1.1 - Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	** Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares.	X		CMCT CSC CAA
CS-B3.2	1º-CSB3.2.1 - Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	X		CMCT CSC CCL
CS-B3.3	1º-CSB3.3.1 - Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	** Respecta as normas de convivencia establecidas na escola.		X	CSC
CS-B3.4	1º-CSB3.4.1 - Identifica as partes da casa, as representa nun	** Identifica as partes da casa.	X		CMCT

	esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.				CAA
CS-B3.4	1º-CSB3.4.2 - Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	** Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	X		CCL CCEC
CS-B3.5	1º-CSB3.5.1 - Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	** Identifica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.		X	CCL CMCT
CS-B3.7	1º-CSB3.7.1 - Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	** Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	X		CSC CAA
CSB3.8	1º-CSB3.8.1 - Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán.	X	X	CCEC CSC CCL
CS-B4.2	1º-CSB4.2.1 - Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	** Recoñece o parentesco dos membros da súa familia.	X		CSC CAA CCL
CS-B4.3	1º-CSB4.3.1 - Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	** Recoñece os días da semana, os meses e as estacións do ano segundo as súas características.			CMCT CCL

5. ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	C.C.
			1	2	
CN-B1.1	1º-CNB1.1.1 - Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	Busca e selecciona información de forma guiada.	X	X	CAA CCL CMCT CSIEECCECCD
CN-B1.1	1º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	** Manifesta certa autonomía na observación de accións	X	X	CAA CMCT CSIEE CCL

CN-B1.2	1º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	** Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo respectando as normas de convivencia.	X	X	CAACMCT CSC CSIEE
CN-B2.1	1º-CNB2.1.1 - Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica e valora a diversidade.	X	X	CMCT CSC
CN-B2.1	1º-CNB2.1.2 - Recoñece partes do propio corpo.	** Recoñece partes do propio corpo.	X		CMCT CSC
CN-B2.1	1º-CNB2.1.3 - Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	Verbaliza e comparte emocións.	X	X	CMCT CSC CCL
CN-B2.2	1º-CNB2.2.1 - Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	** Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	X		CMCT CSC
CN-B2.2	1º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	** Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	X		CMCT CSC
CN-B2.3	1º-CNB2.3.1 - Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	** Analiza os seus costumes na alimentación diaria.	X		CMCT CSIEE
CN-B3.1	1º-CNB3.1.1 - Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	** Explica as principais diferenzas entre plantas e animais.		X	CMCT CCL
CN-B3.1	1º-CNB3.1.2 - Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	**Identifica animais e plantas da súa contorna.		X	CMCT CCL
CN-B3.1	1º-CNB3.1.3 - Aмосa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	** Aмосa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	X	X	CMCT
CN-B3.2	1º-CNB3.2.1 - Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	Recole datos a partir da súa observación.		X	CMCT CCL CAA CSIEE CD
CN-B4.1	1º-CNB4.1.1 - Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Reutiliza e recicla obxectos na escola.	X	X	CMCT CSC CSIEE
CN-B4.1	1º-CNB4.1.2 - Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga.		X	CMCT CSC

6. ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	C.C.
EP-B1.1	1º-EPB1.1.1 - Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	** Respecta os diferentes tipos de expresión plástica.	X	X	CCEC CSC
EP-B1.2	1º-EPB1.2.1 - Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	*É capaz de gardar unha orde á hora de traballar en plástica, coida e valora a importancia da limpeza do material para acadar uns mellores resultados.		X	CCEC CSC
EP-B1.3	1º-EPB1.3.3 - Identifica os tamaños.	Diferencia e identifica os diferentes tamaños.	X	X	CCEC CMCT
EP-B1.3	1º-EPB1.3.4 - Identifica e usa as cores aprendidas.	** Nomea e coñece as cores aprendidas.	X	X	CCEC
EP-B1.3	1º-EPB1.3.6 - Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.	Diferencia, identifica, nomea e sitúa as partes máis elementais da figura humana.	X	X	CCL CMCT
EP-B1.3	1º-EPB1.3.7 - Identifica figuras xeométricas básicas.	Coñece e identifica as principais figuras xeométricas.		X	CCEC CMCT
EP-B1.3	1º-EPB1.3.8 - Identifica os diferentes tipos de liña.	Recoñece os diferentes tipos de liña utilizadas na expresión plástica.		X	CCEC CMCT
EP-B1.4	1º-EPB1.4.1 - Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado.	É capaz de expresar a súa opinión sobre as súas creacións plásticas e tamén as dos seus compañeiros, utilizando un vocabulario adecuado.	X	X	CCL CSIEE CCEC
EP-B2.1	1º-EPB2.1.1 - Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	** Utiliza, manipula e entende a existencia de diferentes texturas naturais ou artificiais que se atopan no seu entorno.		X	CCEC
EP-B2.1	1º-EPB2.1.4 - Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	É capaz de situar diferentes obxectos ou elementos no contexto das súas propias producións plásticas.	X	X	CCEC
EP-B2.2	1º-EPB2.2.1 - Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	Crea e elabora formas básicas e sinxelas a partir das diferentes figuras xeométricas máis simples.		X	CCEC CAA
EP-B2.2	1º-EPB2.2.2 - Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinces, rotuladores, lapis de cores etc.).	*Utiliza as diferentes técnicas e ferramentas básicas para elaborar as súas propias creacións plásticas.	X	X	CCEC CSIEE
EP-B2.2	1º-EPB2.2.4 - Elabora e representa imaxes despois dunha	Representa graficamente a través de imaxes unha		X	CCEC

	presentación audiovisual.	presentación audiovisual.			CCEC CAA
EP-B2.3	1º-EPB2.3.1 - Respecta as normas preestablecidas e cuida os materiais, os utensilios e os espazos.	Respecta as normas á hora de coidar o material, os utensilios e o espazo.	X	X	CCEC CSC

7. ÁREA DE VALORES CÍVICOS E SOCIAIS: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	C.C.
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.1 - Expresa a percepción da súa propia identidade.	Percibe a súa propia identidade.	X		CSC
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.2 - Expresa oralmente a súa autodescrición.	Expresa oralmente a súa autodescrición.	X		CSC CCL
VSC-B1.1	1º-VSCB1.1.3 - Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	*Ten un concepto positivo das súas características.	X		CSC CCL
VSC-B1.2	1º-VSCB1.2.1 - Identifica e comunica as súas emocións.	** Identifica as emocións.	X		CSC CSIEE
VSC-B1.2	1º-VSCB1.2.2 - Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións	**Distingue os signos físicos que acompañan as emocións.	X		CSC CCL
VSC-B1.2	1º-VSCB1.2.3 - Dramatiza diferentes estados de ánimo.	**É consciente dos diferentes estados de ánimo.	X		CCL CCEC
VSC-B1.3	1º-VSCB1.3.1 - Participa na práctica de técnicas de relaxación.	Participa na práctica de técnicas de relaxación.	X	X	CSC CSIEE
VSC-B1.3	1º-VSCB1.3.2 - Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.	**Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.		X	CSC CSIEE CAA
VSC-B1.4	1º-VSCB1.4.1 - Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	**Realiza as tarefas.	X	X	CSIEE
VSC-B1.4	1º-VSCB1.4.2 - Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.	Sabe que é e como o aprendeu.		X	CSC CSIEE CAA
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.1 - Imita e reproduce expresións, sentimentos e	Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de	X	X	CCL CSC

	estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	ánimo.			
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.2 - Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	X	X	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.1	1º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	**Comunica afectos e emocións con amabilidade	X	X	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.1 - Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	Expresa experiencias, ideas, pensamentos e emocións.	X	X	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.2 - escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	**Escoita as ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.	X	X	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2	1º-VSCB2.2.3 - Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	**Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	X	X	CCL CSC
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.1 - Describe oralmente as características de diferentes persoas.	Describe oralmente as características de diferentes persoas.		X	CCL CSC
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.2 - Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.	Recoñece emocións das demais persoas.		X	CCL CSC
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.3 - Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.	Identifica as emocións dos e das personaxes.	X	X	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.3	1º-VSCB2.3.4 - Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.	Dramatiza feitos observados		X	CSC CCEC
VSC-B2.4	1º-VSCB2.4.1 - Representa e dramatiza diferentes formas de vida	Representa diferentes formas de vida		X	CSC CCEC
VSC-B2.4	1º-VSCB2.4.2 - Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras.		X	CCL CSC
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.1 - Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	Desenvolve actitudes de colaboración.	X	X	CSC CSIEE
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.2 - Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.	**Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.	X	X	CSC CSIEE
VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.3 - Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.	Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.	X	X	CSC

VSC-B3.1	1º-VSCB3.1.4 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.		X	CSC CSIEE
VSC-B3.2	1º-VSCB3.2.1 - Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade	Soluciona os problemas persoais da vida escolar.		X	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.1 - Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	**Coñece as normas de convivencia da aula.	X	X	CSC
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.2 - Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	**Respecta as normas do centro escolar.		X	CSC CSIEE
VSC-B3.3	1º-VSCB3.3.3 - Fai uso adecuado do material.	Fai uso adecuado do material	X	X	CSC
VSC-B3.4	1º-VSCB3.4.1 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	**Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	X	X	CSC
VSC-B3.4	1º-VSCB3.4.2 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	**Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	X	X	CSC

8. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación é global, continúa e formativa. Baséase na observación directa:</p> <ul style="list-style-type: none"> Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. <p>Tamén se levan a cabo probas específicas.</p> <p>Nestas circunstancias de traballo non presencial haberá comunicación fluída co alumnado e animarémolos a participar dende as súas casas, premiando con eloxios, estímulo e valorando o esforzo familiar que realizan.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Asamblea. Posta en común . Escala de observación. Registro anecdótico. Producións orais. Investigacións. Resolución de exercicios e tarefas. Proba obxectiva. Posta en común. Caderno de clase. Lista de control.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso realizarase tendo en conta os progresos acadados no primeiro e segundo trimestre, tendo en conta a media destas dúas avaliacións, xunto coa valoración positiva das aportacións, participacións e logros acadados ao longo do 3º trimestre.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Neste curso non hai alumnado con materia pendente.</p>

9. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

<p>Actividades</p>	<p>Semanalmente elaboramos un proxecto integrado con enfoque intercurricular partindo da motivación do libro que estabamos a ler en marzo, dentro do itinerario lector “El cuento sin fin de Martín”, ou calquera outra que xurda como pode ser a celebración do Día da Terra, as Letras Galegas...</p> <p>Dito proxecto contén actividades de repaso, reforzo e recuperación dos contidos traballados nos 1º e 2º trimestres, procurando abarcar todas as áreas de aprendizaxe.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía atenderá ao principio de globalización e significatividade, partindo dos intereses do alumnado e baixo a proposta de actividades lúdicas, activas e motivadoras dirixidas ao logro dos obxectivos e das competencias clave.</p> <p>O sistema de comunicación que se establece coas familias é o TokApp e un correo electrónico que se pon a súa disposición para contactar co profesorado, resolver dúbidas que van xurdindo sobre as tarefas, atender as necesidades que manifestan as familias e recibir retroalimentación das actividades propostas. Tamén se farán vídeo chamadas e chamadas telefónicas para facer seguimento.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Recursos Materiais:</p> <p>Documentos facilitados ás familias con enlaces e propostas de actividades relacionadas cos distintos temas dos proxectos integrados:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Actividades de creación propia. -Recursos interactivos como audios, vídeos, cancións... - Actividades, textos, materiais de diversa tipoloxía obtidos de páxinas web, plataformas educativas, editoriais... <p>Recursos audiovisuais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación TokApp para o envío de informacións xerais e tarefas. - Correo electrónico andrexeve@gmail.com para comunicación, envío de tarefas e reenvío de correccións. - Páxina web do centro como meio para publicar algunhas actividades (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantoandredexeve/) - Aplicación Webex para facer videochamadas. <p>O Alumnado sen conexión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Todo o alumnado consegue os traballos enviados, e os que teñen máis dificultade de conexión faise seguimento telefónico.

1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Enviárase unha nota informativa mediante a aplicación TokApp e informárase telefonicamente ao alumnado con dificultade para acceder a dita aplicación.
Publicidade	Publicarase na páxina web do centro.